

RESOLUCIÓN REITORAL DO 19 DE MARZO DE 2020 MEDIANTE A QUE SE MODIFICA O CALENDARIO ESTABLECIDO PARA EFECTUAR O PAGAMENTO FRACCIONADO DOS PREZOS PÚBLICOS DE MATRÍCULA

O apartado 10.3.b) do artigo 10 da Normativa de xestión académica da Universidade da Coruña para o curso académico 2019/2020, aprobada por Resolución reitoral do 06/06/2019, posibilita efectuar o aboamento dos prezos públicos de matrícula de forma fraccionada, e establece un prazo entre os días 24 de marzo e 3 de abril para liquidar o cuarto e derradeiro pagamento.

A disposición adicional terceira: suspensión de prazos administrativos, do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, dispón a suspensión de termos e a interrupción de prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

A Universidade forma parte do sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, polo tanto, resúltalle de aplicación o mandato establecido no precitado Real decreto 463/2020.

A Resolución reitoral do 14 de marzo de 2020 garante, mediante o ditado das correspondentes instrucións, a continuidade na prestación do servizo na Universidade da Coruña.

Por todo o que antecede:

RESOLVO, ao abeiro do disposto no artigo 34 da Normativa de xestión académica da Universidade da Coruña para o curso académico 2019/2020, adiar o cuarto prazo de pagamento dos prezos públicos de matrícula até o momento en que perda vixencia o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, como medida necesaria para evitar prexuízos nos dereitos e intereses do estudantado.

A continuación do cómputo dos prazos será comunicada no momento que corresponda aos decanos e directores, e ás administracións e unidades de xestión académica integrada (UXAI) das facultades e escolas desta universidade.

Remítase a presente resolución aos órganos de goberno e unidades administrativas anteditos.

Julio E. Abalde Alonso

Reitor

Código Seguro De Verificación	LRyBaM05LI4H+eEdkcQhZg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/03/2020 11:22:44
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/LRyBaM05LI4H+eEdkcQhZg==		

